



CERTIFICACIÓN

D.^a María Cristina Varela García, secretaria acumulada do Concello de Vimianzo (A Coruña),

CERTIFICO:

Que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na sesión extraordinaria do dezanove de setembro de de dous mil dezaoto, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“5º.- Expedientes sobre contratacións administrativas

5.2. Aprobación do expediente de contratación de subministración de materiais eléctricos para a área de servizos do Concello de Vimianzo. Expediente TEdC 2018/C005/000005.

Dase conta da proposta do alcalde, de data 19 setembro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación do expediente de contratación de subministración de materiais eléctricos para a área de servizos do Concello de Vimianzo. Expediente TEdC 2018/C005/000005.

Vista a providencia da alcaldía de data 19/09/2018 na que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do TRLCSP, e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación da subministración de materiais eléctricos para a área de servizos do Concello de Vimianzo.

Visto que o valor estimado como máximo ascende a 14.920,8 euros (IVE non incluído), estímase procedente a contratación mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto simplificado sumario, por razón da contía (art. 159.6 LCSP) e pola axilidade e celeridade na contratación dada a necesidade de subministración do material.

Acreditada a existencia de consignación na aplicación orzamentaria 165.2100 para afrontar o gasto que poida representar esta contratación no exercicio 2018, segundo o certificado de existencia de crédito de data 14/09/2018.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas propostos pola alcaldía que constan no expediente TEdC, de data 19/09/2018.

Constan informes favorables emitidos pola Secretaría e pola Intervención municipais, en data 19/09/2018.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2,b) da LBRL, e 53,2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e na Resolución da Alcaldía núm. 758/2015, de 13/06/2015.

Por todo o exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, o prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, por procedemento aberto simplificado sumario, tramitación ordinaria, para a contratación da subministración de materiais eléctricos para a área de servizos do concello de Vimianzo.

Dispónse a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade de procedemento aberto simplificado sumario e tramitación ordinaria.



Segundo.- Aprobar o gasto por importe total de dezaioito mil cincuenta e catro euros e dezasete céntimos(18.054,17 €), IVE incluído, con cargo ao vixente orzamento de gastos, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

O resto dos exercicios, quedarán condicionadas á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

Terceiro.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos do estado.

O que asino en Vimianzo,o 19 de setembro de 2018

O alcalde,

Manuel Antelo Pazos”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos”

E para que conste, expídese esta certificación de orde do alcalde, coa salvedade que establece o art. 206 do ROF, en Vimianzo.

Visto e prace

O alcalde